

01 MAR. 2019

Núm. 14351

A Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, da que vostede forma parte, reunírase o próximo día 6 de marzo de 2019, ás 16:00 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Designación da Ponencia encargada de elaborar o informe sobre o Proxecto de lei de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia (10/PL-000012, doc. núm. 44223)

Punto 2. Preguntas

2.1 43044 (10/POC-006788)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis
Sobre a aplicación do Regulamento (EU) 995/2010 no relativo ás obrigas dos axentes comercializadores de madeira para evitar o comercio de madeira de orixe ilegal, as garantías exixidas para demostrar a súa legalidade e a solicitude de medidas cautelares ao Goberno do Estado fronte ás empresas incumplidoras
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 414, do 18.01.2019

2.2 43476 (10/POC-006894)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Moreira Ferro, Jacobo e 8 máis
Sobre as previsións respecto da execución da segunda fase das obras de mellora na PO-531, no lugar da Devesa, e das actuacións para atender as demandas dos veciños sobre esta estrada
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 419, do 25.01.2019

2.3 43496 (10/POC-006900)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Mato Otero, Beatriz e 8 máis
Sobre o avance na execución da prolongación da Vía Ártabra entre a N-VI e a estrada AC-221 e as razóns polas que a Xunta de Galicia aposta pola conexión da AP-9 coa Vía Ártabra no enlace da Gándara
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 419, do 25.01.2019

2.4 44819 (10/POC-007169)
Grupo Parlamentario de En Marea
Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos
Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto dos riscos que presenta para a vida humana e o medio ambiente a construción das balsas de lodos e inertes reflectidas no proxecto de reapertura da mina de Touro
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 428, do 07.02.2019

2.5 45114 (10/POC-007238)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto do anteproxecto de conexión entre a AC-14 e a AP-9 promovido polo Ministerio de Fomento e a recepción dalgunha solicitude do Concello de Culleredo para o estudo das alternativas para a conexión entre a AP-9, o aeroporto de Alvedro e a estrada AC-14, así como as súas previsións respecto da construción do vial previsto no Plan MOVE

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 430, do 13.02.2019

- 2.6 45229 (10/POC-007250)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia da contaminación do río Umia por cianobacterias e microcistina, as súas previsións, referidas ao encargo dun estudo ao respecto, e as medidas que vai levar a cabo para combatela
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 430, do 13.02.2019
- 2.7 45466 (10/POC-007269)
Grupo Parlamentario de En Marea
Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón
Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para evitar o impacto que están a ter, na fauna e na flora do río Tea, as deficiencias existentes no sistema de depuración de augas residuais de Ponteareas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 430, do 13.02.2019
- 2.8 45693 (10/POC-007299)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e Pierres López, María Luisa
Sobre a opinión do Goberno galego referida á necesidade de elaborar unha lei de mobilidade sostible en Galicia, e, se é o caso, o prazo previsto para o inicio da súa tramitación
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 430, do 13.02.2019

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 1 de marzo de 2019

Jaime Castiñeira Broz
Presidente da Comisión

Asinado dixitalmente por:

Jaime Castiñeira Broz na data 01/03/2019 13:49:06